

## NORMATIVA TRAMITACIÓN KYUS FGJUDODA



### • NORMAS XERÁIS DE TRAMITACIÓN:

- Admisión de peticións: **EXCLUSIVAMENTE ENTRE OS DÍAS 1 E 10 DE CADA MES**, que manterá exactamente o formato do MODELO FACILITADO pola FGJUDODA, único válido.
- Ao solicitar por primeira vez calquera grao no novo sistema de xestión, o club deberá acreditar a posesión do grao anterior do federado remitindo **O CARNÉ DE SELOS DE GRAO ORIXINAL**, debidamente cumprimentado.
- Non se admitirán carnés con selos que foran manipulados ou corrixidos, tanto no relativo ao seu titular, como á disposición dos selos, que deben levar cubertos obrigatoriamente os datos do mestre que os asina (nome, apelidos, nº de título, etc), así como a data de trámite.
- En caso de que se precise **SOLICITAR UN DUPLICADO DO GRAO ACTUAL** deberá aboarse o prezo estipulado pola xestión de duplicados entre os prezos aprobados pola asemblea para a tempada en curso.
- Utilizarase exclusivamente o **MODELO DE SOLICITUDE DE GRAO NOVO** facilitado pola FGJUDODA para a tramitación.

### • OBSERVACIÓNS:

- Todas as solicitudes deberán contar sempre coa **LICENZA EN VIGOR**.
- O avance en cada kyu seguirá as recomendacións de prazos recollidas nas distintas normativas da RFEJYDA, até a categoría INFANTIL medio grao obrigatoriamente e coa opción de pasar a grao compeito a partir da categoría CADETE.
- As tarxetas emítense cos **datos da licenza do federado**, polo que será moi importante que o club verifique que están correctos.
- O grao acredítase única e exclusivamente coa tarxeta oficial emitida pola FGJUDODA, ningún outro documento será válido para acreditalo.

En A Coruña, 7 de marzo de 2023.



ASDO. EDUARDO GALÁN PALLA  
Vicepresidente 1º Federación Galega de Judo  
Director Escola Federativa FGJUDO